

NO TRANSPORTE PÚBLICO

COMO ACTUAR
CUNHA PERSOA CON
DEMENCIA



POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



A desorientación é un síntoma psicolóxico-condutual que aparece desde a **primeira fase** da enfermidade con **desorientación temporal** (día, mes do ano) e **espacial** en lugares pouco coñecidos. **A medida que a enfermidade avanza**, a desorientación temporal e espacial **empeora** moito máis e a persoa pode perderse nun entorno máis próximo e familiar, como o seu propio barrio. **E na fase máis grave** da enfermidade, **a desorientación espacial e temporal é total**, requirindo o apoio constante doutras persoas.

Que situacións poden ocorrer?

- Descoñecen como realizar o pagamento do transporte ou se hai que pagar para o seu acceso.
- Poden ter dificultade para recoñecer ou lembrar cal é a parada na que teñen que baixar.
- Pódense desorientar dentro do transporte público, porque non lembran por que están aí ou porque non recoñecen a contorna (rúas, paradas...).
- Pódense desorientar nas instalacións do medio de transporte (marquesiñas da parada do autobús, plataformas do metro ou tren...) sen saber onde están ou a quen preguntar.



Como podemos actuar?


- Se observas que alguén non sabe como acceder ao transporte (problemas á hora de mercar o billete ou de utilizalo para acceder) achégate amablemente e pregúntalle se precisa axuda. Asegúrate de que sabe onde vai.
- Se ves que alguén non baixa do transporte (unha vez finalizado o percorrido), pregúntalle se precisa axuda. E se ves que hai unha posible desorientación, avisa o responsable do transporte ou o persoal de seguridade.



- Achégate á persoa que se mostra desorientada de forma tranquila e relaxada.
- Preséntate de forma educada e pregúntalle se a podes axudar en algo.
- É posible que non lembre onde vive nin saiba contactar coa súa familia. Réstalle importancia a este feito para non inquietala máis. Amósalle o teu apoio.
- Fálalle de forma suave e tranquilizadora. Adapta o discurso á persoa desorientada. Se ves que non che entende, utiliza frases máis curtas e sinxelas.
- Evita a confrontación, discutir non ha axudar a resolver o problema. Se ves que non che comprende ou que está nerviosa, é mellor chamar a policía para que a axude.
- Nalgunhas ocasións, a propia desorientación e nerviosismo poden producir certa agresividade; intenta manter a calma, déixalle espazo para se desafozar e intenta distraela cambiando de tema (pregúntalle onde naceu, explícalle algunha cousa...).
- No caso de que a persoa estea desorientada, avisa o responsable do transporte ou o persoal de seguridade.



Avisa o 112; é posible que a familia xa presentase unha denuncia perante os Corpos e Forzas de Seguridade e sexa máis sinxelo localizar a familia.



Más información:
www.ceafa.es/entornos-amigables

CONTORNAS AMIGABLES
E SOLIDARIAS COAS
D E M E N C I A S



**CONFEDERACIÓN
ESPAÑOLA DE
ALZHEIMER**